



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE FOXOS, EXPLORACIÓNS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓ DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.f), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por “apertura de foxos, exploracións e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública”, especificando nas Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento

1. Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
2. Así mesmo, están obrigados ao pagamento da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades que destrúan ou deteriorenen o dominio público local sen prexuízo do pagamento da Taxa a que dese lugar, o beneficiario, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe, de conformidade co previsto no artigo 24.5 da referida Lei 39/1988, do 28 de decembro, aínda cando fosen as mesmas persoas ou entidades quen efectúa a súa reposición, así como os gastos que orixine o control dos pavimentos e a comprobación de densidades alcanzadas no reenchido dos foxos.

Artigo 3.- Contía

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza, calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos nos epígrafes da tarifa contida no apartado seguinte.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2. As tarifas da Taxa serán as seguintes:

Epígrafe 1º.- Apertura de foxos en xeral

- Beirarrúas pavimentadas: **1,803036 euros/m²**
- Beirarrúas non pavimentadas: **1,442429 euros./m²**
- Calzada de rúas pavimentadas: **1,081822 euros/m²**
- Calzada de rúas non pavimentadas: **0,721215 euros./m²**

Epígrafe 2º.- Construción de cámaras subterráneas.

- Beirarrúas pavimentadas: **3,606073 euros./m³**
- Beirarrúas non pavimentadas: **2,884858 euros/m³**
- Calzadas pavimentadas: **2,163644 euros/m³**
- Calzada non pavimentada: **1,803036 euros/m³**

Epígrafe 3º.- Reconstrución de pavimentos.

O executor deberá realizar un depósito previo como garantía de subsanar as deficiencias que puidesen ocasionarse. A contía deste depósito será proposta polo Aparellador Municipal, decidindo definitivamente o Órgano competente para outorgar a correspondente autorización.

Artigo 4.- Normas de xestión

1. De conformidade co previsto no art. 26.1.a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e co fin de garantir en todo caso os dereitos da Administración, calquera solicitude de licenza para que poida ser admitida a trámite deberá ir acompañada dun xustificante do depósito previo desta taxa.
2. A liquidación do depósito previo, practicarase tendo en conta os custos que se produzan polo derrube, reenchido de foxo e nova reposición de pavimento.

Artigo 5.- Obrigación de pagamento

1. A obrigación de pagamento desta Taxa, nace no momento de solicitar a licenza para realizar calquera clase de obra na vía pública, ou desde que se realice a mesma, se se procedeu sen autorización.
2. O pagamento da Taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.